



MA ANGELES GARCÍA VILLAVERDE, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE REDONDELA

CERTIFICO: que no Pleno do Concello, na sesión ordinaria núm. 14 celebrada o 26/11/2020, o seguinte ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas, obtivo 21 votos a favor, (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG, resultando aprobada coa maioría legalmente esixida:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, VIVENDA E INFRAESTRUTURAS

(Xuntanza ordinaria do día 23 de novembro de 2020)

ASUNTO: NOVA APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO, NO ÁMBITO DE LEITÓN-CIDADELLE, NA PARROQUIA DE CHAPELA.

Pola presidencia, a concelleira de urbanismo, dase conta da súa proposta de data 19 de novembro de 2020 do seguinte tenor:

“Considerando que por Acordo do pleno concello na sesión ordinaria do 28 de maio de 2020 aprobouse provisionalmente o documento da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias, no ámbito Leitón-Cidadelles, na parroquia de Chapela, asinado en novembro de 2019 e redactado pola arquitecta María Ríos Carballeira.

De conformidade cos artigos 60.16 e 61 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, mediante oficio da alcaldía asinado en data 15 de xuño de 2020 rexistro saída RC-2477, enviouse expediente completo, aos efectos de que se proceda á súa aprobación definitiva pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Visto o oficio da xefatura territorial de Pontevedra do servizo de urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que require a adaptación do documento da Modificación Puntual das NNSS, ás Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia (NT), aprobadas pola Orde da concelleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 10 de outubro de 2019, publicada no Diario Oficial de Galicia número 224, do 25 novembro de 2019, que entraron en vigor o 25 de maio de 2020, así como cumprimento do requirimento da xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: AP4ETJXRZC3DHWQXAMT4CYHA | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Visto o novo documento da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias, no ámbito Leitón-Cidadelle, asinado en novembro de 2020 pola arquitecta María Ríos Carballeira.

Vistos os informes do arquitecto municipal de data 18 de novembro de 2020 e da mesma data, da técnica de administración xeral adscrita a urbanismo (informe núm. 2020-0127).

Vistos os informes emitidos, de acordo co disposto no artigo 173.1.b) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional: pola secretaria xeral do concello con data 19/11/2020, polo que emite nota de conformidade co informe núm. 2020-0127 do 19/11/2020 da técnica de administración xeral de urbanismo e; polo interventor xeral de data 19/11/2020 (informe Ref. ASR-19.11.20.2).

Realizada a tramitación legalmente establecida e, en cumprimento do disposto no artigo 22.2. c) da LBRL, teño a ben propoñer ao pleno do concello, previo ditame da comisión informativa de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o novo documento da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias, no ámbito Leitón-Cidadelle, asinado en novembro de 2020 pola arquitecta María Ríos Carballeira, o cal substitúe e deixa sen efecto o aprobado provisionalmente polo concello pleno o 28 de maio de 2020.

Segundo.- Enviar o expediente completo debidamente dilixenciado, á consellería competente en materia de urbanismo para a súa aprobación definitiva, seguíndose os trámites que se dispoñen nos puntos 14 a 18 do artigo 144 do Regulamento da lei do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Intervencións:

.../...

Votación e ditame:

A comisión informativa de urbanismo, vivenda e infraestruturas, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, sendo 3 votos a favor (2 do PsdeG-PSOE e 1 de AER) e 1 abstención do PP, estimou oportuno ditaminar

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: AP4ETJXRZC3DHWQXAMT4CYHA | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



favorablemente a precedente proposta.”

E, para que conste, expido e asino a presente certificación, coa advertencia sinalada no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de atoparse pendente de aprobación a acta que contén este acordo, e a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, de orde e co visto e praxe da Alcaldesa.

Documento asinado e datado dixitalmente na marxe.

